

Do 17 ao 23 de setembro a Casa do Escudo de Verín acollerá InfantArt 2009, unha mostra dos traballos realizados no curso 2008-2009 nas aulas de Iniciación ás Artes Plásticas da Escola de Artes e Oficios de Verín.

Liña, cor e volume son os conceptos artísticos que se imparten nestas actividades formativas e ocupacionais, co fin de estimular a creatividade plástica e divulgar o patrimonio pictórico, escultórico e a arte contemporánea entre os máis pequenos.

No curso 2008-2009 participaron nesta iniciativa un total 130 alumnos, con idades comprendidas entre os 6 e 16 anos. Estas aulas, de dúas horas semanais en días alternos, son ofertadas polo Concello de Verín durante os meses de setembro a xuño.

Esta exposición poderase visitar de luns a sábado, das 10 ás 14 horas e das 16.30 ás 20.30 horas.